

COMO PAGAR AS TAXAS DO TÍTULO

_Entrar na Oficina Virtual da Axencia Tributaria de Galicia (ovt.atriga.gal) e premer en **CIDADÁNS**.

_No recadro **PAGO DE TAXAS E PREZOS**, premer en **INICIAR TAXA** (no cadeado aberto).

_Premer no cadro azul **INICIAR TAXA** e completar estes 3 pasos:

1.DATOS DA TAXA:

Seleccione os seguintes códigos:

Consellería: **07** – Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Delegación: **13** – Servizos Centrais

Servizo: **03** – Ensino Medio

Taxa: **302003** – Expedición de títulos académicos e profesionais correspondentes ás ensinanzas establecidas pola LOE e dos seus duplicados.

Obxecto de pago (Elixir segundo corresponda): **Título de Bacharelato** ou **Título de Técnico Superior**

Datos de pago (Elixir segundo corresponda):

54,00 € :No caso da tarifa normal

27,03 € :No caso de Familia Numerosa de Categoría Xeral

As Familias Numerosas de Categoría Especial están exentas do pago da taxa

2.DATOS IDENTIFICATIVOS:

OLLO: Aquí deberán figurar os datos do alumno.

3.MODO DE PAGO:

Aquí pódese optar entre estas 2 opcións:	Pago telemático con tarxeta (Ver Opción 1)
	Pago presencial nun banco (Ver Opción 2)

OPCIÓN 1: Pago telemático con tarxeta

_Para isto, premer no cadro azul **PAGO TELEMÁTICO**.

_IMPORTANTE! Logo de pagar hai que premer no cadro azul **XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO** e descargalo.

_Por último, hai que enviar o dito XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO (*non o Recibo*) ao correo electrónico do centro (ou presentalo na Secretaría) para que lle xestionemos a expedición do título. Se se fixo o pago reducido por ser Familia Numerosa de Categoría Xeral, hai que achegar tamén a debida xustificación.

OPCIÓN 2: Pago presencial nun banco

_Para isto, premer no cadro azul **DESCARGAR MODELO PRESENCIAL**.

(Tamén poden usar os impresos de pago de taxas que se entregan co boletín de notas)

_Logo de ir ao banco e pagar, hai que enviar os 2 exemplares (o *Exemplar para a administración* e o *Exemplar para o interesado*) ao correo electrónico do centro (ou presentalos na Secretaría) para que lle xestionemos a expedición do título. Se se fixo o pago reducido por ser Familia Numerosa de Categoría Xeral, hai que achegar tamén a debida xustificación.